



INSTITUTO DE INVESTIGACIÓN SANITARIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Presentación de comunicacións a **BioIntegraSaúde - BIS 2025** Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, 15 de maio de 2025

- Poderán presentar comunicación tódolos/as investigadores/as que desenvolvan a súa actividade en calquera dos hospitais do SERGAS ou nos institutos de investigación sanitaria galegos, sexan profesionais en plantilla, contratados/as, residentes ou estudantes predoutorais.
- As comunicacións serán de dous tipos:
 - **Orais:** consistirán nunha presentación de resultados de investigación recentes e salientables (8 minutos + 2 de discusión). Das propostas recibidas para comunicación oral, seleccionaranse nove para presentar no plenario. As comunicacións non seleccionadas poderán presentarse en formato póster. Un comité de avaliación concederá dous premios ás mellores comunicacións.
 - **Póster.** Das recibidas para formato póster, seleccionaranse un máximo de 100 para a súa exposición, presentación e discusión. Un comité de avaliación concederá dous premios aos mellores pósters (un deles reservado para un/unha investigador/a predoutoral).
- Tódalas comunicacións recibidas serán publicadas en formato electrónico na web do IDIS.

Xeito de presentación

Recibiranse propostas ata as 23:59 horas do día **22 de abril 2025**. Enviaranse a través dun formulario web habilitado coa seguinte información.

Tipo de comunicación: [Oral](#) | [Póster](#) |

Título:

Autor/es (máximo 8): [respetando o seguinte formato: apelido1º apelido2º, nome (os autores deberán estar separados por punto e coma)]

Identificar que autor presentará a comunicación, indicando se é ou non investigador/a predoutoral:

Correo-e de quen vaia presentar a comunicación:

Institución á que pertence: [especificar o nome do hospital ou instituto ao que pertence]

Grupo de investigación:

Resumo (máximo 2000 caracteres; pódese presentar en galego, español ou inglés):

Palabras chave (5):

Os pósters serán expostos sempre que cumpran os seguintes requisitos: (1) tamaño **90 cm** de ancho e **120 cm** de alto; (2) estarán impresos nunha única peza de papel, tela ou material plástico

A persoa que presente unha comunicación oral ou defenda un póster considerárase inscrita automaticamente. O resto dos autores, terán que inscribirse en prazo. A inscrición é gratuíta. As consultas enviaranse por correo a **biointegrasaude@idisantiago.es**

Por favor, considerade os aspectos relacionados coa **patentabilidade** dos vosos resultados de investigación comentando a vosa intención de presentar unha comunicación en BIS 2025 coa entidade de xestión da que dependades.